



# Que é a NIS2?

## Un decálogo de boas prácticas

A NIS2 é unha directiva europea que ten por obxecto reforzar a ciberseguridade. O documento obriga a aplicar medidas de protección estritas e a informar sobre incidentes relevantes. O seu incumprimento supón importantes sancións económicas e mesmo a prohibición de desenvolver funcións directivas para as persoas responsables de faltas graves.

PuntoGal recomenda actualizar os protocolos de seguridade de acordo con este decálogo.

### Afecta a

-  Administración Pública
-  Alimentación
-  Auga Potable
-  Augas Residuais
-  Banca
-  Correos e Mensaxería
-  Dixital
-  Espazo
-  Industrias Químicas
-  Infraestrutura
-  Investigación
-  Mercados Financeiros
-  Parlamentos e Bancos Centrais
-  Sector Sanitario
-  Servizos Dixitais
-  Servizos TIC
-  Transporte
-  Xestión de Residuos

# Decálogo de PuntoGal sobre a NIS2



## 1 Avaliar os riscos

Realiza unha análise de riscos para identificar vulnerabilidades e posibles ameazas á seguridade dos sistemas.

## 2 Implementar medidas de seguridade

Aplica controis técnicos e organizativos adecuados, como autenticación multifactor, cifrado e segmentación de redes.

## 3 Establecer protocolos de resposta a incidentes

Define procedementos claros para detectar, responder e recuperar de ciberincidentes de maneira eficiente.

## 4 Formar ao persoal

Ofrece formación regular en ciberseguridade para que os empregados coñezan as mellores prácticas e identifiquen posibles ataques.

## 5 Garantir a continuidade do negocio

Desenvolve e proba plans de continuidade e recuperación ante desastres para minimizar interrupcións en caso de incidente.

## 6 Mellorar a gobernanza da seguridade

Define roles e responsabilidades en ciberseguridade dentro da organización e asegúrate de que se cumpran as obrigas legais.

## 7 Protexer cadeas de subministración

Avalía e reforza a seguridade dos provedores e terceiros cos que traballas para evitar vulnerabilidades externas.

## 8 Notificar incidentes ás autoridades competentes

Implementa mecanismos de notificación para informar rapidamente sobre incidentes para evitar a súa propagación.

## 9 Auditar e mellorar continuamente

Realiza auditorías periódicas para avaliar a efectividade das medidas implementadas e axustalas segundo sexa necesario.

## 10 Non deixar de te informar

Recorda que desde PuntoGal e outras entidades, como ciber.gal ou o INCIBE podes estar ao tanto das novidades que vaian aparecendo, así como das posibles ameazas.

6

7

8

9

10